

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTION INTEGRADA DE OURENSE, VERIN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACION DORZAN PARA PRESTAR APOIO NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE MEDIANTE O PROGRAMA "PREPARANDO A VOLTA A CASA"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Fundación Dorzán o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia de catro anos dende o intre da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións que deben darse para proceder a prestar apoio social aos doentes hospitalizados que o precisen de xeito temporal, e que, en moitos casos, contribúa ao retorno do paciente ao seu domicilio nas mellores condicións posibles e que continúe, nalgún dos casos, con posterioridade á alta hospitalaria, no seu domicilio, co programa volta a casa segundo o estipulado no Convenio de Colaboración asinado entre o Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras) e a Fundación Dorzán o 3 de novembro de 2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese que teñen as partes intervintes en paliar o problema que existe nos servizos hospitalarios en relación ás persoas maiores que carecen de autonomía e funcionalidade e, ao mesmo tempo, carecen de apoio familiar para iniciar o proceso de deambulación que lles facilite o retorno ao seu domicilio.

Neste contexto trátase de romper o illamento do doente incorporando unha persoa que colabora con el e cos profesionais sanitarios no proceso de recuperación da saúde; reforzar as indicacións facilitadas no proceso de recuperación funcional e motivación e ruptura, dunha actitude derrotista ante as dificultades do proceso de recuperación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

